

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

RESOLUCIÓN do 25 de marzo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para o fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia nas empresas e organismos de investigación en Galicia (programa Talento sénior), e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento IN858A).

A Constitución española, no seu artigo 44.2, obriga os poderes públicos a promoveren a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral. Ademais, establece no artigo 149.1º.15 que o fomento e a coordinación da investigación científica e técnica son competencia exclusiva do Estado.

Pola súa banda, o Estatuto de autonomía de Galicia recolle no seu artigo 27.19 que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia do fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución.

A Estratexia Europa 2020 (EE2020) establece o marco xeral de actuación cara ao cal se deben enfocar os esforzos da política de cohesión europea e fixa tres modelos de crecemento e desenvolvemento que basea, pola súa vez, en varios criterios de intervención para lograr os ditos tipos de crecemento: desenvolvemento intelixente: favorecer unha economía baseada no coñecemento e a innovación; desenvolvemento sustentable: promoción dunha economía máis eficiente no uso dos recursos, máis ecolóxica e competitiva, e desenvolvemento integrador: fomento dunha economía con altas taxas de emprego que permita o desenvolvemento da cohesión social territorial. A EE2020 fixa cinco obxectivos que deberán ser cumpridos a nivel europeo, con fitos específicos para cada país.

A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, no seu artigo 1 establece como obxectivo xeral o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Esta lei, no seu capítulo III, crea o Plan galego de investigación e innovación como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo e atribúelle no seu artigo 15.3 a consideración de plan estratéxico de subvencións, para os efectos do establecido no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O primeiro plan que iniciou a senda de definición de políticas de innovación asociadas ao concepto de especialización intelixente foi o Plan de innovación e crecemento 2011-2015



(Plan I2C). Este plan é o antecedente inmediato da vixente Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3 Galicia), que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 7 de novembro de 2013, e que define o marco para as políticas de investigación e innovación en Galicia para o período 2014-2020, e prevé, entre os seus instrumentos de desenvolvemento, o Programa de retención, incorporación e mobilidade de talento, dirixido a fomentar o espírito emprendedor innovador, mediante o instrumento de fomento do talento que servirá para axudar á incorporación de talento investigador e persoal de alta cualificación en centros de investigación, así como nas empresas galegas, como vía para fomentar especificamente a atracción e/ou retención de investigadores que orienten a súa actividade para atender as demandas do sector produtivo galego a través da realización de proxectos de innovación dentro das empresas que se baseen na transferencia ou valorización de coñecemento. Así mesmo, inclúese igualmente como instrumento de desenvolvemento o programa Emprendemento innovador, dirixido a fomentar o emprendemento innovador e o talento das pemes propiciándolles acceso, entre outros, a recursos intanxibles, como pode ser a contratación de doutores e/ou profesionais altamente cualificados para a indución de innovación na empresa, que contribúan obxectivamente a mellorar a súa capacidade de absorción de coñecemento na parte de desenvolvemento de actividades de I+D+I con clara orientación ao mercado. Complementario a este instrumento están as axudas de apoio á etapa de formación predoutoral, axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, o programa Investigo, o programa de Doutoramento industrial e o programa Oportunius, como medidas para promover a formación, a incorporación, a atracción e a retención en Galicia de persoas capaces de liderar e desenvolver actividades de I+D+i, tanto no ámbito científico como empresarial, que permitan asegurar a sustentabilidade e garantir a competitividade do ecosistema a medio e longo prazo.

Pola súa vez, a Axencia Galega de Innovación, no compromiso coa investigación e innovación responsable (IIR) e en consonancia coa Axenda 2030, a través desta actuación impulsa no ecosistema galego a adopción de medidas que axuden a garantir e incrementar o impacto social das actividades de I+D+i. Na práctica, a IIR impleméntase como un conxunto de medidas que inclúen e facilitan a participación de múltiples actores e das persoas na investigación e na innovación, permitindo un acceso máis sinxelo aos seus resultados, a incorporación do xénero e da ética no contido e no proceso de I+D+i, e na educación científica formal e informal.

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, establece que a Axencia Galega de Innovación ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas



a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Entre os seus obxectivos destacan o de definir e desenvolver as políticas públicas que lles permitan ás empresas e ao resto de axentes o desenvolvemento de iniciativas de innovación construídas a partir de coñecementos que incrementen a súa competitividade e fomenten o seu crecemento; definir e desenvolver as políticas públicas orientadas á valorización do coñecemento desenvolvido polas empresas e centros de investigación de Galicia; fomentar a investigación e o desenvolvemento científico e tecnolóxico, a través de iniciativas e programas específicos na Comunidade Autónoma galega; promover as relacións de colaboración entre os distintos axentes do Sistema galego de innovación impulsando a creación e o fortalecemento de redes de coñecemento entre axentes públicos e privados desde unha perspectiva de intercambio e de investigación aberta; favorecer a transferencia de coñecemento e tecnoloxía entre os diferentes axentes e, particularmente, entre os organismos públicos de investigación e as empresas.

O procedemento de concesión das axudas reguladas nesta resolución tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo con criterios de valoración de natureza obxectiva. Estas axudas axustaranse, no que respecta ás empresas, ao réxime de axudas *de minimis* segundo o Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*. No entanto, as que están dirixidas a organismos de investigación non universitarios de natureza pública ou privada sen ánimo de lucro e destinadas exclusivamente ao financiamento de actividades de I+D+i de carácter non económico non teñen a consideración de axudas de Estado para os efectos do número 1 do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. En todo caso, os organismos de investigación beneficiarios quedan obrigados a destinar a axuda recibida a usos relacionados con actividades non económicas e relativas a actuacións de I+D+i conforme o establecido no número 2.1.1 do Marco comunitario sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01).

Consecuentemente con todo o anterior, a directora da Axencia Galega de Innovación, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 17.3 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación,

DISPÓN:

Artigo 1. *Convocatoria e bases reguladoras*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das axudas do programa Talento sénior, da Axencia Galega de Innovación, dirixidas ás



empresas e aos organismos de investigación non universitarios en Galicia, destinadas ao fomento da contratación durante un período mínimo de tres (3) anos de persoal de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia aliñadas coas prioridades establecidas na RIS3 para Galicia. Este programa ten entre os seus obxectivos a atracción e o retorno de investigadores doutores ou profesionais de alta cualificación con máis de cinco (5) anos de experiencia profesional para desenvolveren a súa carreira profesional en empresas e centros de investigación, así como estimular a demanda no sector público e privado de profesionais de alta cualificación para acometer proxectos de I+D+i.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as ditas axudas para o ano 2022 en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IN858A).

3. As axudas concedidas ás empresas no marco desta resolución axustaranse ao establecido no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, en virtude do cal o importe total das axudas *de minimis* concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá os 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. Este límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto *de minimis* pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen ou do obxectivo perseguido.

En virtude do anterior, as empresas deberán declarar, no momento de presentaren a solicitude, o conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto *de minimis*, durante os dous exercicios fiscais anteriores, e durante o exercicio fiscal en curso.

Artigo 2. *Definicións*

1. Empresa: segundo o artigo 1 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, considerarase empresa toda entidade, independentemente da súa forma xurídica, que exerza unha actividade económica. En particular, consideraranse empresas as entidades que exerzan unha actividade artesanal ou outras actividades a título individual ou familiar, así como as sociedades de persoas e as asociacións que exerzan unha actividade económica de forma regular.

2. Organismos de investigación e difusión de coñecementos: son organismos de investigación e difusión de coñecemento (en diante, organismos de investigación), segundo a



definición do artigo 2.83 do Regulamento (UE) nº 651/2014, toda entidade (por exemplo, centros de investigación, organismos de transferencia de tecnoloxía, intermediarios de innovación ou entidades colaborativas reais ou virtuais orientadas á investigación), independentemente da súa personalidade xurídica (de dereito público ou privado) ou forma de financiamento, cuxo principal obxectivo sexa realizar de xeito independente investigación fundamental, investigación industrial ou desenvolvemento experimental, ou difundir amplamente os resultados destas mediante o ensino, a publicación ou a transferencia de coñecementos. Cando unha entidade deste tipo leve a cabo tamén actividades económicas, o financiamento, os custos e os ingresos das ditas actividades deberanse contabilizar por separado; as empresas que poidan exercer unha influencia decisiva nas ditas entidades, por exemplo, en calidade de accionistas ou membros, non poderán gozar de acceso preferente aos resultados que xere.

3. **Persoal de alta cualificación:** para efectos desta convocatoria, entenderase por persoal altamente cualificado o persoal que posúa un título universitario e un mínimo de cinco anos de experiencia profesional pertinente, que poderá incluír a formación en doutoramento.

4. **Reto estratéxico:** sintetiza o conxunto de prioridades tecnolóxicas e de innovación da estratexia RIS3 de Galicia, baseadas tanto en actividades existentes como en oportunidades de futuro. Os retos estratéxicos son:

Reto 1: xestión innovadora de recursos naturais e culturais. Modernización dos sectores tradicionais galegos a través da introdución de innovacións que incidan na mellora da eficiencia e do rendemento no uso dos recursos endóxenos e a súa reorientación cara a usos alternativos con maior valor engadido en actividades enerxéticas, acuícolas, farmacolóxicas, cosméticas, alimentarias e culturais.

Reto 2: o modelo industrial da Galicia do futuro. Aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia a través da hibridación e das tecnoloxías facilitadoras esenciais.

Reto 3: novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo. Posicionar Galicia como a rexión líder no sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados cun modelo de vida saudable: envellecemento activo, a aplicación terapéutica de recursos hídricos e mariños e a nutrición funcional.



Artigo 3. Beneficiarios**1. Poderán ser beneficiarios destas axudas:**

a) As empresas, de calquera tamaño, con domicilio social ou centro de traballo en Galicia.

b) Os organismos de investigación públicos ou privados non universitarios galegos ou con centro de traballo en Galicia, tendo en conta que quedan obrigados a destinar a axuda recibida a usos relacionados con actividades non económicas e relativas a actuacións de I+D+i.

2. Non poderán acceder á condición de beneficiarios as persoas ou entidades en que conorra algunha das prohibicións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, nin tampouco as empresas en crise, nin aquelas que están suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Artigo 4. Actividades subvencionables

1. Serán subvencionables, ao abeiro desta convocatoria, as contratacións de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia, que se formalicen desde o día 1 de xaneiro de 2022 ata o 1 de outubro de 2022, ambas incluídas, coas seguintes características:

a) As actividades de I+D+i que realice o persoal de alta cualificación contratado deben desenvolverse en centros de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia e estar aliñadas cos retos e as prioridades estratéxicas establecidas na RIS3 para Galicia.

b) O contrato de traballo que se formalice deberá ter unha duración mínima de 36 meses e deberá ser a tempo completo.

c) A retribución salarial anual bruta que percibirá cada profesional de alta cualificación contratado deberá figurar expresamente no contrato e non poderá ser inferior a 40.000 euros.

d) O persoal de alta cualificación contratado deberá cumprir, no momento formalizar o contrato, as seguintes requisitos:

1º. Estar en posesión dunha das seguintes titulacións: título universitario medio ou superior (titulación de grao): licenciado, enxeñeiro, arquitecto, graduado, diplomado, enxeñeiro



técnico ou arquitecto técnico, expedido por centros oficiais de titularidade pública ou privada homologados.

No caso de estar en posesión dun título obtido nun país estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación ou validación.

2º. Ter experiencia laboral correspondente á súa titulación, superior a cinco (5) anos no grupo de cotización 1 e/ou 2, e certificados das entidades nas cales traballou en proxectos de I+D+i. No caso de persoal de alta cualificación estranxeiro, admitiranse certificados de empresa.

3º. No caso de profesionais de alta cualificación estranxeiros, a entidade contratante comprometerase a axudar os profesionais nos trámites de visado e permiso de traballo. O contrato será efectivo só cando o persoal de alta cualificación seleccionado poida traballar legalmente en España.

4º. Non ter sido anteriormente contratado entre o 1 de xuño de 2020 e o 1 de xaneiro de 2022 pola entidade solicitante ou empresas vinculadas a ela.

2. A selección e contratación dos profesionais de alta cualificación, así como a determinación das súas condicións laborais e funcións, serán competencia exclusiva da entidade solicitante. Esta asume a súa condición de empregadora respecto ao dito persoal e o compromiso de cumprir a normativa laboral en materia de contratación.

3. Non poderán ser beneficiarios as entidades que presenten como candidatos desta convocatoria á contratación de profesionais de alta cualificación que xa foron financiados nalgunha das convocatorias anteriores do programa Talento sénior.

Artigo 5. *Contía das axudas e concorrencia*

1. A contía da axuda en concepto de incentivo á contratación variará en función da retribución bruta do persoal de alta cualificación por cada contrato de duración igual ou superior a tres (3) anos, coas seguintes características:

Para empresas:

- Salario mínimo bruto entre 40.000 e menos de 50.000 €.
- Intensidade da axuda: 40 %.



- Salario mínimo bruto desde 50.000 e menos de 60.000 €.
- Intensidade da axuda: 45 %.

- Salario mínimo bruto desde 60.000 e menos de 70.000 €.
- Intensidade da axuda: 50 %.

- Salario mínimo bruto superior a 70.000 €.
- Intensidade da axuda: 55 %.

Para organismos de investigación públicos non universitarios ou privados:

- Salario mínimo bruto entre 40.000 e menos de 50.000 €.
- Intensidade da axuda: 45 %.

- Salario mínimo bruto entre 50.000 e menos de 60.000 €.
- Intensidade da axuda: 50 %.

- Salario mínimo bruto entre 60.000 e menos de 70.000 €.
- Intensidade da axuda: 55 %.

- Salario mínimo bruto superior a 70.000 €.
- Intensidade da axuda: 60 %.

2. Cada entidade poderá solicitar a axuda para ata un máximo de dous (2) contratos, tendo en conta que a primeira contratación se concederán por orde de puntuación de acordo cos criterios de valoración establecidos no artigo 17.

A segunda contratación solicitada poderase conceder, por orde de puntuación, sempre que exista crédito orzamentario e unha vez esgotada a lista de contratacións solicitadas segundo o recollido no parágrafo anterior.

3. As subvencións que se outorguen ao abeiro destas bases serán incompatibles con subvencións, axudas, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións ou entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



Artigo 6. Financiamento

1. Os incentivos imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican neste artigo, nas cales existe crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma Galega.

Procedemento IN858A:

| Beneficiarios | Aplicación | Código do proxecto | 2022 | 2023 | 2024 | Total |
|-----------------------------|------------------|--------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Empresas | 06.A2.561A.470.0 | 2016 .4 | 200.000 € | 96.000 € | 96.000 € | 392.000 € |
| Organismos de investigación | 06.A2.561A.480.0 | 2016 .4 | 280.000 € | 144.000 € | 144.000 € | 568.000 € |
| Total | | | 480.000 € | 240.000 € | 240.000 € | 960.000 € |

2. A distribución de fondos entre as aplicacións orzamentarias sinaladas é unha previsión que se deberá axustar tras a valoración das solicitudes de axuda, e será posible mesmo a incorporación de novas aplicacións, tendo en conta a natureza xurídica das entidades beneficiarias.

3. Poderanse ampliar os créditos dedicados a esta convocatoria logo da declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias establecidas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, se for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Artigo 7. Forma, lugar e prazo de presentación das solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365.



2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día de publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderse que o prazo expira o derradeiro día do mes.

Artigo 8. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Memoria da/s actividade/s de I+D+i que se van realizar segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

b) Perfil do persoal de alta cualificación segundo o modelo que se inclúe como anexo III.

c) No caso de ter concedida ou solicitada algunha outra axuda, copia da resolución de concesión ou da solicitude da axuda.

d) Poder da persoa representante que presenta a solicitude, inscrito no rexistro competente.

e) Certificado acreditativo do grao de discapacidade da persoa candidata, no caso de que non fose expedido pola Xunta de Galicia.

f) Anexo IV. Comprobación de datos da persoa candidata a ser destinataria da axuda.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou doutros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada que os achegue.



Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderalle requirir á persoa interesada que o presente ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria deberase presentar electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pódese consultar na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa representante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social.



d) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

e) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

f) Concesións pola regra *de minimis*.

g) Concesións de subvencións e axudas.

h) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT.

i) Certificado acreditativo do grao de discapacidade da persoa candidata, expedido pola Xunta de Galicia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Artigo 10. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico ha-



bilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude/declaración responsable/comunicación... deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 12. *Información ás persoas interesadas*

1. Sobre este procedemento administrativo, que ten como código IN858A, poderase obter información adicional na Axencia Galega de Innovación, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>) na súa epígrafe Axudas.

b) Nos teléfonos 981 95 70 12 e 981 95 70 00 da dita axencia.

c) No enderezo electrónico centros.gain@xunta.gal

d) Persoalmente.

e) Na Guía de procedementos e servizos administrativos, no enderezo:

<http://sede.xunta.gal>



2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este procedemento poderase facer uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012.

3. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos aspectos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 13. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

Artigo 14. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberase dar cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 15. *Instrución do procedemento e tramitación*

1. A Área de Centros da Axencia Galega de Innovación será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións. Corresponderalle á Dirección da Axencia Galega de Innovación ditar a resolución de concesión.

2. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria ou non vai acompañada da documentación exixida, requirirase o interesado, mediante anuncio publicado na páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>), para que nun prazo de dez días hábiles emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fai, se considerará desistido da súa petición, logo



da correspondente resolución. Se a instrución do procedemento o aconsella, o órgano competente poderá substituír esta publicación na web pola notificación individualizada.

A documentación requirida presentárase electronicamente accedendo á Carpeta do cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir ao solicitante que subministre cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á Comisión de Valoración.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

6. Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, serán causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto no artigo 50 e seguintes da Lei 9/2007.

Artigo 16. *Comisión de Selección*

1. A Comisión de Selección será o órgano colexiado encargado de seleccionar as solicitudes de acordo coa valoración realizada conforme o procedemento e os criterios establecidos no artigo seguinte, e estará composta por:

a) Unha persoa titular de área da Axencia Galega de Innovación, ou persoa en quen delegue, que actuará como a Presidencia.

b) Unha persoa titular de xefatura de departamento da Axencia Galega de Innovación ou persoa en quen delegue.

c) Dúas persoas empregadas públicas da Axencia Galega de Innovación, das cales unha delas actuará como a Secretaría da Comisión, con voz e sen voto.



2. A Comisión de Selección procederá á selección das solicitudes ata esgotar o crédito dispoñible e de acordo co seguinte procedemento:

a) En primeiro lugar, seleccionaranse as solicitudes de contratación, por orde decrecente de puntuación, ata un máximo dun (1) contrato por entidade solicitante.

b) Unha vez realizada esta selección inicial, e sempre e cando exista crédito orzamentario dispoñible, seleccionaranse, por orde decrecente de puntuación, os restantes contratos solicitados por aquelas entidades que pedisen máis dunha contratación.

3. Quedarán, en todo caso, como suplentes, aquelas solicitudes para as cales non se dispoña de crédito suficiente, sempre e cando cumpran os requisitos exixidos nesta convocatoria.

4. De se produciren empates, estes resolveranse de acordo coa maior puntuación obtida nos seguintes criterio establecidos:

- 1º criterio: maior puntuación no criterio 17.b).
- 2º criterio: maior puntuación no criterio 17.g).
- 3º criterio: maior puntuación no criterio 17.f).

No caso de persistir o empate, terase en conta o número de expediente, que se outorgará segundo a data de presentación da solicitude.

5. A Comisión de Selección emitirá un informe final no cal figurarán, de xeito individualizado, as solicitudes propostas para obteren a subvención, e se especificará a avaliación que lles corresponde. A Comisión de Selección distribuirá as axudas dos incentivos á contratación do persoal de alta cualificación de maneira que garanta un mínimo de nove (9) para empresas e cinco (5) para organismos de investigación, sempre que o número de solicitudes acade a puntuación mínima requirida e o permita.

6. Do número total de axudas que se convocan, resérvase unha para a contratación de persoal de alta cualificación cunha discapacidade igual ou superior ao 33 %. De existiren axudas non cubertas no grupo de reserva, acumularanse ao grupo xeral.

Así mesmo, indícarase o importe da subvención para cada unha delas sen superar o crédito dispoñible.



Artigo 17. Criterios de valoración

A puntuación de cada contratación proposta, que reúna os requisitos exixidos nesta convocatoria, realizarase sobre un total de 200 puntos segundo os seguintes criterios e baremo:

a) Perfil da persoa que se vai contratar (25 %).

– Ata un máximo de 15 puntos: dirección, coordinación e participación en proxectos de I+D+i individuais ou en colaboración rexionais ou nacionais. Con financiamento público ou privado.

– Ata un máximo de 15 puntos: accións no ámbito da transferencia tecnolóxica, creación de empresas, patentes concedidas, licenciada ou en explotación, calquera outra achega que permita valorar os diferentes aspectos, incluídos publicacións, bolsas, premios e outras accións en materia de I+D+i.

– 10 puntos: máster expedido por centros de titularidade pública ou privada.

– 10 puntos: título de doutor expedido por centros oficiais de titularidade pública ou privada homologados.

b) Condición de retorno e atracción (25 %).

– Ata un máximo de 50 puntos na avaliación daquelas solicitudes que aleguen e acrediten condición de retorno e atracción a Galicia do persoal de alta cualificación.

c) Traxectoria internacional do persoal de alta cualificación (15 %).

– Ata un máximo de 15 puntos: dirección, coordinación e participación en proxectos de I+D+i individuais ou en colaboración de ámbito internacional.

– Ata un máximo de 15 puntos: estadías formativas ou laborais en centros ou empresas estranxeiras de referencia en I+D+i ou en convocatorias e programas internacionais de excelencia en I+D+i.

d) Calidade e impacto do proxecto de I+D+i proposto ou plan de traballo (15 %).

– Ata un máximo de 10 puntos: calidade do proxecto ou plan de traballo en relación coa actividade de I+D+i que vai desenvolver o persoal de alta cualificación na entidade coa



Estratexia de especialización intelixente de Galicia (obxectivos, impactos esperados, metodoloxía do proxecto e plan de traballo).

– Ata un máximo de 10 puntos: proxectos ou plan de traballo con impacto no desenvolvemento económico e a xeración de emprego de calidade en Galicia.

– Ata un máximo de 10 puntos: proxectos ou plan de traballo de dirección, xestión estratéxica e operativa de transferencia e valorización comercial de resultados de I+D+i en entidades de recente creación.

e) Experiencia profesional da persoa que se vai contratar en proxectos de I+D+i (15 %).

– Entre 5 e 10 anos: ata 5 puntos.

– Entre 10 e 20 anos: ata 25 puntos.

– Máis de 20 anos: 30 puntos.

f) Igualdade de xénero (5 %).

– 5 puntos se a persoa que se vai contratar é muller.

– 5 puntos a aquelas solicitudes que presenten o Plan de igualdade de xénero da entidade solicitante do persoal de alta cualificación ou participación equilibrada de mulleres no equipo humano do proxecto da entidade solicitante do profesional de alta cualificación.

Precisarase unha puntuación mínima de 120 puntos sobre o total de 200 puntos para obter a «excelencia na proposta» e poder optar á axuda á contratación do persoal de alta cualificación.

A entidade solicitante presentará o perfil profesional de alta cualificación con interese en contratar, para a súa valoración segundo os criterios anteriormente mencionados.

Artigo 18. *Audiencia*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poráselles de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e as xustificacións que consideren pertinentes.



2. Poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 19. *Resolución e notificación*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instrutor elevará a proposta de resolución e o informe emitido pola Comisión de Selección á directora da Axencia Galega de Innovación para ditar a resolución de concesión, que deberá estar debidamente motivada.

Na proposta de resolución figurarán de xeito individualizado as solicitudes propostas para obter o incentivo e especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos nestas bases reguladoras. Indicarase, así mesmo, o importe do incentivo para cada unha delas.

No expediente da subvención tamén se fará constar o informe do órgano instrutor no cal conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

2. Á vista da proposta formulada, e segundo o que dispón o artigo 21.4 da Lei 9/2007, ao non seren tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, a directora da Axencia Galega de Innovación ditará as correspondentes resolucións definitivas de concesión ou denegación, que serán motivadas de acordo cos criterios de valoración establecidos.

3. As resolucións expresarán, cando menos, e para cada procedemento:

a) A relación de entidades beneficiarias da axuda.

b) O importe global da axuda para cada entidade, en que se informe expresamente, no caso das empresas, do seu carácter *de minimis*, en virtude do disposto no artigo 6 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013.

c) A lista de solicitudes denegadas, xunto coa súa causa de denegación.

d) A desestimación expresa do resto das solicitudes.



4. En todo caso, deberásele notificar a cada beneficiario un documento que estableza as condicións da axuda, no cal deberán figurar, como mínimo, os seguintes aspectos:

a) Prazo de contratación do persoal de alta cualificación.

b) Indicación das obrigas de información e publicidade que deberán cumprir.

c) Obriga de manter un sistema separado de contabilidade ou un código de contabilidade suficiente para todas as transaccións relacionadas coa operación.

d) Obriga de conservar a documentación xustificativa dos gastos durante un prazo de tres anos, a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída. Informarase o beneficiario da data de comezo deste prazo.

5. O prazo máximo para resolver as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria será de 45 días naturais contados a partir do día seguinte ao de remate do prazo para a presentación de solicitudes. De non mediar resolución expresa no dito prazo mediante a publicación da correspondente resolución no *Diario Oficial de Galicia*, os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

6. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 45.1 desa lei, a notificación individual de concesión da axuda poderase substituír pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web <http://gain.xunta.gal>, con indicación da data da convocatoria, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade da axuda outorgada.

Artigo 20. *Réxime de recursos*

1. Contra as resolucións ditadas ao abeiro desta convocatoria, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente, poderán interpor recurso de alzada, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, perante o presidente da Axencia Galega de Innovación, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Contra as resolucións de reintegro, que poñen fin á vía administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente, poderán



interpor recurso de reposición no prazo dun mes, desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento contado desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo, perante a Dirección da Axencia Galega de Innovación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 21. *Renuncia*

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que estará ao seu dispor na páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>), na súa epígrafe Axudas, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A directora da Axencia Galega de Innovación ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 22. *Modificación da resolución*

1. As actividades subvencionadas débense executar no tempo e forma que se determinen na resolución de concesión e deberase obter autorización da Axencia Galega de Innovación para realizar modificacións nestas.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

3. Poderase acordar a modificación da resolución de concesión, por instancia do beneficiario, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a modificación da actividade subvencionable estea comprendida dentro da finalidade e dos requisitos das bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non suporían a denegación da subvención.

d) Que non sexan tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade a ela.



4. A solicitude de modificación débea formular o representante legal da entidade beneficiaria expresando os motivos dos cambios que se propoñen e xustificando a imposibilidade de cumprir as condicións expostas na resolución de concesión.

Salvo naqueles supostos en que proceda a aplicación do establecido no artigo 59 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non se admitirán cambios con data anterior á entrada no Rexistro da solicitude de modificación.

5. O acto polo cal se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola Dirección da Axencia Galega de Innovación, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia ao interesado. A autorización da modificación deberase realizar de forma expresa e notificárselle ao interesado.

Artigo 23. *Contratación do persoal de alta cualificación*

1. Unha vez recibida a notificación da resolución de concesión, a entidade beneficiaria deberá ter contratado ou procederá á contratación do persoal concedido, no prazo e nos termos establecidos na dita resolución.

2. Os contratos de traballo subscritos deberanse comunicar á oficina de emprego correspondente, necesariamente a través do aplicativo CONTRAT@, agás no caso de entidades de menos de cinco traballadores, que o poderán facer a través deste aplicativo ou ben por escrito.

3. As contratacións que incumpran calquera destes requisitos non poderán ser incentivadas e, se é o caso, darán lugar á perda do dereito ao cobramento ou reintegro das axudas, de conformidade co disposto nos artigos 27, 28 e 29 desta resolución.

Artigo 24. *Substitución do persoal de alta cualificación contratado e interrupcións*

1. As entidades beneficiarias poderán proceder á substitución do persoal de alta cualificación inicialmente contratado ao abeiro desta resolución, que será subvencionable sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) O remate anticipado do contrato do persoal de alta cualificación subvencionado deberá ser comunicado á Axencia Galega de Innovación no prazo de quince (15) días desde a súa formalización, achegando copia do correspondente parte de baixa na Seguridade Social.



b) A entidade poderá proceder á contratación dun novo persoal de alta cualificación proposto ou contratado respectando cada un dos termos establecidos na resolución de concesión nun prazo máximo de tres (3) meses desde a renuncia, e deberá ter, como mínimo, a puntuación acadada polo último persoal de alta cualificación seleccionado na resolución desta convocatoria e ata esgotar a duración da contratación inicialmente concedida.

c) A entidade deberá achegar, no prazo máximo de tres (3) meses desde a baixa do traballador inicialmente contratado, a documentación establecida nas letras b), c), d) e e) do artigo 25.1 desta resolución.

2. Se a entidade beneficiaria non realiza a substitución do traballador inicialmente contratado, ou esta non é subvencionable, procederá o reintegro da axuda percibida nos termos previstos no artigo 28.2.f) desta resolución.

3. As situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade suspenderán o cómputo da duración do contrato. Cando se produza a suspensión do contrato pola concorrencia dalgunha destas situacións, as entidades beneficiarias poderán solicitar a interrupción e a prórroga do prazo de execución da axuda correspondente ao tempo de suspensión, no prazo de quince días hábiles desde que esa baixa se produza.

A interrupción e a prórroga ás cales se fai referencia no parágrafo anterior deberán ser autorizadas polo órgano instrutor correspondente, que poderá solicitar os informes que considere oportunos. A entidade correspondente deberá achegar o contrato ou o documento xustificativo da prórroga que cubra o dito período, no prazo dun mes desde a súa sinatura.

Cando se autoricen a interrupción e a prórroga, non se considerarán subvencionables os gastos derivados da contratación en que poida incurrir a entidade beneficiaria (retribución salarial e cota patronal da Seguridade Social) durante o tempo de interrupción, polo que non se deben incluír nas certificacións de xustificación económica. A duración do contrato verase ampliada por un período idéntico ao da interrupción para os efectos previstos nesta convocatoria.

A autorización de interrupción e de prórroga da axuda en ningún caso supón un aumento da contía da axuda concedida inicialmente. Calquera incremento no pagamento da cota



patronal da Seguridade Social como consecuencia do período prolongado será por conta da entidade contratante.

Artigo 25. *Pagamento*

1. O aboamento do incentivo para a contratación do persoal de alta cualificación contratado farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedido, que se xustificará mediante a presentación da seguinte documentación dentro dos prazos que se relacionan:

A. 2022:

Primeira anualidade: o 50 % do importe concedido, no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir da data do contrato suscrito.

Documentación:

a) Modelo de solicitude de pagamento, que estará ao seu dispor na páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>), na súa epígrafe Axudas, no cal constarán as seguintes declaracións responsables:

1ª. Conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes.

2ª. Conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto *de minimis*, durante os dous exercicios fiscais anteriores, e durante o exercicio fiscal en curso.

3ª. A titularidade da conta da entidade beneficiaria onde se deba efectuar o pagamento.

b) Copia do contrato de traballo suscritos co persoal de alta cualificación subvencionado.

c) Copia da vida laboral do persoal de alta cualificación subvencionado, actualizada á data de contratación.

d) Documento de información ao persoal de alta cualificación contratado, no modelo que estará ao seu dispor na páxina web da Axencia Galega de Innovación (gain.xunta.gal) e no cal constarán, de ser o caso, a aceptación das autorizacións relativas á consulta dos datos de identidade, titulación e acreditación do grao de discapacidade.



e) Só no caso de que se opoña á consulta no modelo indicado no punto anterior:

1º. Copia do título universitario do persoal de alta cualificación contratado.

2º. De ser o caso, copia da acreditación da posesión do grao de doutor ou máster.

3º. De ser o caso, certificado acreditativo do grao de discapacidade do persoal de alta cualificación contratado.

4º. Declaración responsable ou certificación, segundo os casos, da entidade beneficiaria de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

B. 2023:

Segundo pagamento: o 25 % do importe concedido, no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir dos doce meses seguintes á data do contrato suscrito.

Documentación:

a) Modelo de solicitude de pagamento, que estará ao seu dispor na páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>), na súa epígrafe Axudas, no cal constarán as seguintes declaracións responsables:

1ª. Conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes.

2ª. Conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os dous exercicios fiscais anteriores, e durante o exercicio fiscal en curso.

3ª. A titularidade da conta da entidade beneficiaria onde se deba efectuar o pagamento, salvo que se manteña a do ano 2022.

b) Copia da vida laboral do persoal subvencionado, actualizada á data da presentación desta solicitude.

c) Memoria resumo das actividades de I+D+i ou plan de traballo, realizada polo persoal de alta cualificación contratado no primeiro ano de contratación.



d) Só no caso de que se opoña á consulta no modelo indicado no punto anterior: declaración responsable ou certificación, segundo os casos, da entidade beneficiaria de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

C. 2024:

Terceiro pagamento: o 25 % do importe concedido, no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir dos vinte e catro meses seguintes á data do contrato suscrito.

Documentación:

a) Modelo de solicitude de pagamento, que estará ao seu dispor na páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>), na súa epígrafe Axudas, no cal constarán as seguintes declaracións responsables:

1ª. Conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes.

2ª. Conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os dous exercicios fiscais anteriores, e durante o exercicio fiscal en curso.

3ª. A titularidade da conta da entidade beneficiaria onde se deba efectuar o pagamento, salvo que se manteña a do ano 2022.

b) Copia da vida laboral do persoal subvencionado, actualizada á data da presentación desta solicitude.

c) Memoria resumo das actividades de I+D+i ou plan de traballo, realizada polo persoal de alta cualificación contratado no segundo ano de contratación.

d) Só no caso de que se opoña á consulta no modelo indicado no punto anterior: declaración responsable ou certificación, segundo os casos, da entidade beneficiaria de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.



Artigo 26. Obrigas dos beneficiarios

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, así como daquelas outras específicas que se indican nesta convocatoria, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta resolución quedan obrigados a:

a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención, e acreditarlo ante o órgano concedente, así como o cumprimento dos requisitos, prazos e condicións establecidos nas bases reguladoras, na convocatoria e na resolución de concesión, e no documento en que se establecen as condicións da axuda.

b) Xustificar ante a Axencia Galega de Innovación, de acordo co previsto nestas bases da convocatoria e na normativa reguladora das subvencións, o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e dos gastos subvencionables e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión e o desfrute da subvención.

c) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e no resto dos casos previstos na Lei 9/2007.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Ter o seu domicilio social ou algún dos seus centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma galega e realizar en Galicia as actividades susceptibles de obter axuda por medio desta convocatoria.

g) Aboarlles ás persoas contratadas o salario que legal ou convencionalmente lles corresponda e sexa acorde coa súa categoría profesional e titulación. O dito salario, tal e



como establece o artigo 4.1.c) desta resolución, deberá constar de forma expresa no contrato de traballo.

h) Solicitalle á Axencia Galega de Innovación autorización para realizar aquelas modificacións no desenvolvemento das actividades aprobadas.

i) Comunicarlle á Axencia Galega de Innovación as incidencias, como renuncias, interrupcións e outras, que ocorran en relación co contrato laboral obxecto da axuda. As ditas incidencias deberanse comunicar no prazo máximo de quince (15) días hábiles desde a data en que se produzan.

j) Manter a duración temporal de cada contratación establecida na resolución de concesión. Para o caso de contratacións indefinidas, manter no seu cadro de persoal fixo o persoal de alta cualificación contratado durante un período de tres (3) anos contados desde a data de realización da contratación.

k) Para os efectos de xustificación da axuda percibida, as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación no prazo dun mes contado desde o transcurso do período de tres (3) anos:

– Copia das nóminas aboadas ao persoal de alta cualificación contratado, así como os documentos bancarios correspondentes que acrediten o seu pagamento, e os impresos de liquidación nominal do IRPF e xustificantes do seu pagamento, unha vez que se dispoña deles.

– Copia da vida laboral actualizada do persoal de alta cualificación contratado.

– Memoria final das actividades de I+D+i ou plan de traballo, realizada polo persoal de alta cualificación contratado.

l) Subministrarlle á Administración, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

m) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a avaliación do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia.

n) Dar publicidade, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público do financiamento do contrato e da actividade obxecto da axuda, facendo referencia



expresa nos contratos laborais, así como nas publicacións de todo tipo, relatorios, actividades de difusión de resultados e calquera outra actuación relacionada coa actividade de I+D+i na cal estea implicado o persoal contratado, mencionando expresamente a súa convocatoria e orixe.

Colocar, polo menos, un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), no cal se mencionará a axuda financeira da Xunta de Galicia e da Axencia Galega de Innovación, nun lugar visible para o público das instalacións do beneficiario, por exemplo, no lugar de traballo da persoa contratada.

O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.

En todas as obrigas descritas con anterioridade deberán figurar os logotipos institucionais cumprindo co Manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia, acompañado co texto «persoal cofinanciado pola Xunta de Galicia ao abeiro da Resolución da Axencia Galega de Innovación do 25 de marzo de 2022 (programa Talento sénior)».

As instrucións detalladas relativas ás obrigas de publicidade da axuda estarán á disposición na páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>), na súa epígrafe Axudas.

ñ) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a avaliación do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou outros instrumentos relacionados coa medición da innovación.

No marco do Plan de avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias, así como o seu nivel de satisfacción co apoio recibido. Para tales efectos, e por indicación da Axencia Galega de Innovación, durante a execución e no momento da finalización da axuda, os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os cales se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i e os de produtividade do proxecto.

o) Asistir a unha xornada formativa impartida pola Axencia Galega de Innovación sobre as obrigas desta axuda e outros aspectos relacionados cos obxectivos da Axencia, para



o cal será convocado expresamente con antelación. Á dita xornada deberá acudir, como mínimo, unha persoa do nivel adecuado pertencente ao cadro de persoal do beneficiario, vinculada ás tarefas de innovación.

p) Calquera outra obriga imposta de maneira expresa aos beneficiarios na resolución de concesión ou no documento en que se establecen as condicións da axuda.

Artigo 27. *Perda do dereito ao cobramento da subvención*

1. É causa de perda do dereito ao cobramento da subvención o incumprimento do beneficiario da súa obriga de estar ao día nas súas obrigacións coa Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

2. Así mesmo, son causas de perda do dereito ao cobramento da subvención as previstas como causas de reintegro se non se tivese aboada a axuda.

3. O procedemento para declarar a perda do dereito ao cobramento da subvención é o establecido para o reintegro.

Artigo 28. *Causas de reintegro*

1. Procederá a perda do dereito ao cobramento das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

2. De conformidade co artigo 14.1.n) da citada Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o importe que se vai reintegrar determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:

a) Incumprimento das condicións exixidas á entidade beneficiaria para a concesión da subvención: reintegro total do incentivo.

b) Non realizar a actividade, ou adoptar un comportamento contrario ao que fundamenta a concesión da subvención: reintegro total do incentivo.



c) Incumprimento dos prazos establecidos para a presentación da xustificación final da axuda percibida, sinalados no artigo 26.n): reintegro do 2 % do incentivo.

d) O atraso no cumprimento da obriga de satisfacer no momento do seu vencemento, con independencia do cobramento da axuda, as obrigas económicas de carácter salarial: reintegro do 10 % do incentivo. Para o caso de reincidencia, entendendo como esta a segunda comisión deste incumprimento cun mesmo traballador: reintegro total do incentivo.

e) Incumprimento das obrigas en materia de publicidade, establecidas na resolución de concesión: reintegro do 2 % do incentivo.

f) Incumprimento da obriga de facilitar cantos datos resulten necesarios para a avaliación do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou outros instrumentos relacionados coa medición da innovación nos termos e condicións establecidos no artigo 25: reintegro do 2 % do incentivo.

g) Incumprimento da obriga de asistir á xornada formativa que impartirá a Axencia Galega de Innovación nos termos e condicións establecidos no artigo 25.m) desta resolución: reintegro do 2 % do incentivo.

h) As baixas do persoal de alta cualificación subvencionado, producidas sen proceder á súa substitución de acordo co previsto no artigo 24, darán lugar a reintegros do incentivo que se vai percibir segundo o cálculo do resultado da aplicación da seguinte táboa:

| Renuncia sen substitución | % incentivo que se vai percibir (calculado sobre custo mínimo do contrato) |
|---------------------------|--|
| Entre 0 e 6 meses | 0 % |
| Entre 7 e 12 meses | 16 % |
| Entre 13 e 18 meses | 22 % |
| Entre 19 e 23 meses | 28 % |
| Entre 24 e 30 meses | 32 % |
| Entre 31 e 36 meses | 36 % |

i) Procederá o reintegro total da axuda percibida, máis xuros de demora, sen prexuízo da incoación de expediente sancionador e demais responsabilidades en que poida incurrir a entidade beneficiaria, no caso de non comunicar a obtención doutras axudas que financien as actuacións subvencionadas.



j) Procederá o reintegro do 10 % do incentivo no caso de incumprimento da obriga de comunicarlle ao órgano concedente a solicitude doutras axudas para a mesma finalidade.

3. A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 29. *Procedemento de reintegro*

1. Se, aboada parte ou a totalidade da axuda, acaecen os motivos que se indican no artigo 28 desta resolución, incoarase o correspondente expediente de reintegro, o cal se tramitará conforme o previsto no artigo 37 e seguintes da Lei 9/2007.

2. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da axuda ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

3. O procedemento de reintegro de subvencións iniciarase de oficio por acordo do órgano concedente destas, comunicando ao beneficiario a iniciación do procedemento de declaración de perda do dereito, ou de reintegro, e as causas que o fundamentan, seguindo o procedemento establecido para o reintegro no artigo 37 e seguintes da Lei 9/2007, e 77 e seguintes do Decreto 11/2009.

4. A resolución do procedemento de reintegro porá fin á vía administrativa.

5. Sen prexuízo do anterior, aos beneficiarios das subvencións reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no artigo 50 e seguintes da Lei 9/2007, e no título VI do Decreto 11/2009.

Artigo 30. *Control*

1. A Axencia Galega de Innovación poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxectivo das subvencións.

2. A Axencia Galega de Innovación poderalles realizar, en calquera momento, aos beneficiarios as visitas, comprobacións e solicitudes de aclaracións que considere necesarias



para o correcto desenvolvemento do proxecto, así como para acreditar o cumprimento das medidas de publicidade. Se na obrigatoria actividade de inspección previa ao pagamento final da subvención se constata unha incorrecta utilización dos fondos ou un desvío dos obxectivos, proporá o reintegro da subvención concedida. Ademais desta actividade final de inspección, a Axencia Galega de Innovación, no marco do seu plan anual de inspección, poderá realizar as visitas e comprobacións iniciais, intermedias e finais que considere convenientes.

3. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (en diante, DL 1/1999), e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 31. *Publicidade*

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do dito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Artigo 32. *Normativa aplicable*

1. Ás axudas obxecto desta convocatoria, polo que respecta ás empresas, seralles de aplicación o Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

2. Supletoriamente, seralles de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase a persoa directora da Axencia Galega de Innovación para que leve a cabo as actuacións que sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2022

Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de Innovación




**AXENCIA
GALEGA DE
INNOVACIÓN**
ANEXO I

| | | |
|---------------------------------------|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO TALENTO SÉNIOR | CÓDIGO DE PROCEDEMENTO IN858A | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---------------------------------------|---|--------------------------------|

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO 1 TELÉFONO 2 CORREO ELECTRÓNICO

CNAE ACTIVIDADE SECTOR TIPO DE ENTIDADE

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA PERSOA DE CONTACTO

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF/PASAPORTE

TELÉFONO 1 TELÉFONO 2 CORREO ELECTRÓNICO

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

SOLICITUDE DE PERSOAL DE ALTA CUALIFICACIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE I+D+i

| TRABALLADOR (prioridade/s) | TIPO DE CONTRATO | RETRIBUCIÓN SALARIAL ANUAL BRUTA | EXPERIENCIA | TITULACIÓN | TIPO TITULACIÓN | ESPECIALIDADE | PERFIL (sexo) |
|----------------------------|------------------|----------------------------------|-------------|------------|-----------------|---------------|---------------|
| 1 | | | | | | | |
| 2 | | | | | | | |



COHERENCIA DAS ACTIVIDADES COA RIS3 DE GALICIA

Márque(n)se a/as prioridade/a que proceda/n: (só unha prioridade)

RETO 1. Modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación

1. Solucións científico-tecnolóxicas para a sustentabilidade
 2. Dixitalización para o novo modelo industrial e social
 3. Galicia *living lab*

RETO 2. Modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento

1. Solucións científico-tecnolóxicas para a sustentabilidade
 2. Dixitalización para o novo modelo industrial e social
 3. Galicia *living lab*

RETO 3. Modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo da poboación

1. Solucións científico-tecnolóxicas para a sustentabilidade
 2. Dixitalización para o novo modelo industrial e social
 3. Galicia *living lab*

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | IMPORTE (€) |
|-----------|-------------|
| | |
| | |
| | |

 2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
 Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | ANO | DISPOSICIÓN REGULADORA | IMPORTE (€) |
|-----------|-----|------------------------|-------------|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

 Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
 4. Que a entidade que se representa non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 5. Que a entidade que se representa non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 6. Que a entidade que se representa está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 7. Que a entidade que se representa non pode ser considerada unha empresa en crise conforme o disposto no artigo 1.7 do Regulamento (CE) 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión.
 8. Que a entidade que se representa non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

| | | | |
|--|--|--|--|
| <input type="checkbox"/> Anexo II. Memoria da/s actividade/s de I+D+i que se vai/van realizar | | | |
| <input type="checkbox"/> Anexo III. Perfil do persoal de alta cualificación | | | |
| <input type="checkbox"/> Anexo IV. Comprobación de datos da persoa candidata a ser destinataria da axuda | | | |
| <input type="checkbox"/> Certificado acreditativo do grao de discapacidade da persoa candidata, no caso de que non fose expedido pola Xunta de Galicia | | | |
| | | | |
| <input type="checkbox"/> Copia da resolución de concesión de axudas para a mesma finalidade, de ser o caso. | | | |
| <input type="checkbox"/> Poder da persoa representante que presenta a solicitude, inscrito no rexistro competente | | | |




**AXENCIA
GALEGA DE
INNOVACIÓN**
**ANEXO I
(continuación)**
COMPROBACIÓN DE DATOS

| | |
|--|--|
| Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos. | OPÓÑOME Á CONSULTA |
| DNI/NIE da persoa representante | <input type="checkbox"/> |
| Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social | <input type="checkbox"/> |
| Certificado de estar ao día no pagamento das débedas á Administración pública da Comunidade Autónoma | <input type="checkbox"/> |
| Inhabilitacións para obter subvencións e axudas | <input type="checkbox"/> |
| Concesións pola regra <i>de minimis</i> | <input type="checkbox"/> |
| Concesións de subvencións e axudas | <input type="checkbox"/> |
| CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente. | AUTORIZO A CONSULTA |
| NIF da entidade solicitante | <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON |
| Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT | <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON |

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

| | |
|--|--|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Axencia Galega de Innovación. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achega na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda. |
| Destinatarios dos datos | As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos |

LEXISLACIÓN APLICABLE

RESOLUCIÓN do 25 de marzo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia nas empresas e organismos de investigación en Galicia (programa Talento sénior), e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento IN858A).


SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Xacobeo 21-22

Axencia Galega de Innovación


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




ANEXO II

MEMORIA DA/S ACTIVIDADE/S DE I+D+I QUE SE VAI/VAN REALIZAR

| DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE | |
|-------------------------------|----------------------|
| RAZÓN SOCIAL | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |

| E NA SÚA REPRESENTACIÓN | | | |
|-------------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

| ACTIVIDADES de I+D+i* QUE VAI REALIZAR O PERSOAL DE ALTA CUALIFICACIÓN CONTRATADO | |
|---|----------------------|
| 1. | <input type="text"/> |
| 2. | <input type="text"/> |
| 3. | <input type="text"/> |

*Actividades de I+D+i: aquela actividade, considerada en sentido amplo, que estea relacionada coa realización, preparación, impulso, xestión, internacionalización e apoio técnico á I+D+i, incluídos en particular:

- i) A execución de proxectos de investigación fundamental, de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental.
- ii) Os estudos de viabilidade.
- iii) As tarefas de deseño necesarias para xerar a innovación.
- iv) A realización de proxectos de innovación en produtos, procesos e organización.
- v) A construción e mellora das propias infraestruturas de I+D+i, así como o apoio técnico e soporte á I+D+i, incluídos o manexo de equipamentos, instalacións e demais infraestruturas de I+D+i.
- vi) A xestión da I+D+i, incluídas as actividades de transferencia e valoración do coñecemento, e o asesoramento para proxectos ou programas internacionais neste ámbito.
- vii) A promoción e o fomento da I+D+i, así como o impulso da creación e desenvolvemento de empresas de base tecnolóxica.
- viii) O desenvolvemento e a preparación de propostas para a participación nos programas e proxectos internacionais de I+D+i e da Unión Europea, en particular do Programa marco de I+D+i da Unión Europea (Horizonte Europa).


| 1. RESUMO |
|---|
| <p>Resuma aquí de modo claro e conciso os principais aspectos das actividades de I+D+i levadas a cabo polo persoal de alta cualificación. Non inclúa información confidencial. A información aquí subministrada poderíase empregar para usos de difusión (máximo 250 caracteres).</p> |
| <input type="text"/> |

| 2. OBXECTIVO DA CONTRATACIÓN |
|---|
| <p>- Descrición dos obxectivos propostos. - Resultados esperados tanto en termos de resultados científicos como de resultados comercializables, e prazo aproximado para acadalos (máximo 250 caracteres).</p> |
| <input type="text"/> |

| 3. ALIÑAMENTO COA RIS3 GALICIA |
|--|
| <p>Describa o encaixe coa RIS3 de Galicia que se pretende cubrir coas actividades I+D+i dos traballadores contratados (máximo 250 caracteres).</p> |
| <input type="text"/> |



Axencia Galega de Innovación

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 602zvux3-orx5-vyv2-qok8-8kyqumb62p24



**PERFIL DO PERSOAL DE ALTA CUALIFICACIÓN****1. PERFIL DO PERSOAL DE ALTA CUALIFICACIÓN**

Resuma aquí de modo claro e conciso os principais aspectos das actividades de I+D+i levadas a cabo polo persoal de alta cualificación. Non se incluírá información confidencial (máximo 250 caracteres).

2. CONDICIÓN DE RETORNO E ATRACCIÓN


Descrición da condición de retorno e atracción a Galicia do persoal de alta cualificación (máximo 250 caracteres).

3. TRAXECTORIA INTERNACIONAL

Descrición das actividades e estadias internacionais (máximo 250 caracteres).

4. PROXECTO DE I+D+i OU PLAN DE TRABALLO PROPOSTO

Resumo do proxecto ou plan de traballo en relación coa actividade de I+D+i que vai desenvolver o persoal de alta cualificación na entidade (máximo 250 caracteres).




ANEXO IV
COMPROBACIÓN DE DATOS DA PERSOA CANDIDATA A SER DESTINATARIA DA AXUDA

| DATOS DA PERSOA CANDIDATA | | | |
|---------------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

| E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) | | | |
|--|----------------------|----------------------|----------------------|
| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

| COMPROBACIÓN DE DATOS | |
|--|--------------------------|
| Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos. | OPÓNOME Á CONSULTA |
| DNI ou NIE da persoa candidata á axuda | <input type="checkbox"/> |
| MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN | |
| <input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia | <input type="checkbox"/> |

| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS | |
|--|--|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Axencia Galega de Innovación. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achega na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda. |
| Destinatarios dos datos | As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos |

| SIGNATURA DA PERSOA CANDIDATA OU REPRESENTANTE | |
|--|--|
| <p>Lugar e data</p> <p><input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/></p> | |

